BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Mércores, 15 de outubro de 2025
Núm. 197

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## VIGO

**Subvencións e axudas**

*EXTRACTO PARA SUBVENCIÓNS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO*

*EXTRACTO PARA SUBVENCIONES PARA LA FINANCIACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURALES REALIZADAS POR EMPRESAS Y/O EMPRESARIOS/AS EN EL AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO, EN EL PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE EL 1 DE NOVIEMBRE DE 2024 Y EL 31 DE OCTUBRE DE 2025*

*BDNS (Identif.): 861920*

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/861920)

Extracto del acuerdo de fecha 3 de octubre de 2025 de la Junta de Gobierno Local del Concello de Vigo por el que se aprueba la convocatoria, bases reguladoras y extracto de subvenciones para actividades socioculturales realizadas por empresas y/o empresarios/as en el Auditorio-Pazo de Congresos ?Mar de Vigo?, en el período comprendido entre el 1 de noviembre de 2024 y el 31 de octubre de 2025, ambos inclusive, en régimen de concurrencia competitiva.

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b). y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publicará el extracto de la convocatoria cuyo texto completo se puede consultar en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) (https://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index), y que deberá contener, como mínimo, la siguiente información:

### Primera.- BENEFICIARIOS/AS

Podrán solicitar subvención, al amparo de la presente convocatoria, las empresas, personas jurídicas o sociedades mercantiles legalmente constituídas que reúnan los requisitos recogidos en la convocatoria y bases reguladoras de actividades socioculturales realizadas por empresas y/o empresarios/as en los espacios del Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", en el período comprendido entre el 1 de noviembre de 2024 y el 31 de octubre de 2025, ambos inclusive

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación.JDDII193E7GX6S3Y

**Segunda.- OBJETO**

El objeto de las presentes bases es la regulación de la concesión, en régimen de concurrencia competitiva y de acuerdo con los principios de publicidad, transparencia, objetividad, igualdad y no discriminación, de ayudas económicas destinadas a la programación y organización de actividades socioculturales en los espacios del Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, al amparo de lo establecido en la Ley 9/2007, del 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, en la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de Subvenciones, así como en el R.D. 887/2006, del 21 de julio, por lo que se aprobó el Reglamento de la Ley 38/2003, las bases de ejecución del presupuesto municipal vigente y las restantes normas de derecho administrativo y privado aplicables. La presente convocatoria está incluída en el Plan Estratégico de Subvenciones del Concello de Vigo para el período 2024-2026, aprobado en la Junta de Gobierno Local de fecha 8 de marzo de 2024 (en cumplimiento del artículo 8.1. de la LGS).

Asimismo, la presente convocatoria se ampara en el Reglamento (UE) 651/2014 de la Comisión de 17 de junio de 2014.

**Tercera.- BASES REGULADORAS**

Las presentes bases reguladoras serán publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia (en adelante BOPPO). Estarán a disposición de los interesados en el tablón de edictos electrónico el el Concello de Vigo (https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal), en el servicio de información del Concello de Vigo, página web municipal (www.vigo.org), y servicio del Área de Cultura, desde el día siguiente de la publicación en el BOPPO.

**Cuarta.- CUANTÍA**

La cuantía de la presente convocatoria asciende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo a la partida 3331.470.0002 del presupuesto municipal vigente para el presente ejercicio. El procedimiento de concesión de subvenciones se tramitará en régimen de concurrencia competitiva, según lo establecido en el artículo 22.1. de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones; y artículo 19, puntos 1 y 2, de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia.

**Quinta.- PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

El plazo para la presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir del día siguiente de la publicación del extracto de la convocatoria en el BOPPO, y que será comunicado desde la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidad de subvenciones, en los términos del artículo 30 de la LPAC.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación.JDDII193E7GX6S3Y

**Sexta.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE LAS SOLICITUDES.**

En cumplimento de la obligación impuesta por el artículo 14. 2.a) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de la LPAC, se establece el empleo, de forma exclusiva, de medios electrónicos para presentar y tramitar la solicitud de esta subvención a través de sede electrónica del Concello de Vigo, por cualquiera de los mecanismos de identificación admitidos en la sede electrónica, que se pueden consultar en el enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

Las solicitudes de subvención se presentarán debidamente cumplimentadas, mediante los modelos oficiales aprobados con estas bases, que estarán disponibles en la página web municipal (www.vigo.org).

Vigo, en la fecha de firma digital

Jesús López Moure, jefe del Servicio de Gestión y Promoción Cultural

Conforme,

El concejal-delegado de Cultura (Resolución de la Alcaldía de fecha 28.06.2024, BOP nº 133 de fecha 9.07.2024)Gorka Gómez Díaz

La concejala-delegada del Área de Gobierno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdad (Resolución de la Alcaldía de fecha 28.06.2024, BOP nº 133 de fecha 9.07.2024)

María Carmen Silva Rego

VIGO, 03/10/2025

MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO, CONCEJALA DEL ÁREA DE GOBIERNO DE PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA E IGUALDADE

*EXTRACTO PARA SUBVENCIÓNS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO, NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2024 E O 31 DE OUTUBRO DE 2025.*

*BDNS (Identif.): 861920*

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/861920)

Extracto do acordo de data 3 de outubro do 2025 da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto para subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo, no período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025, ambos inclusive, en réxime de concorrencia competitiva.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b). e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo pode consultarse

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación.JDDII193E7GX6S3Y

na Base de Datos Nacional de Subvencións (en diante, BDNS) (https://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:

**Primeira.- BENEFICIARIOS/AS**

Poderán solicitar subvención, ao abeiro desta convocatoria, as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os requisitos recollidos na convocatoria e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", no período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025, ambos inclusive.

**Segunda.- OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo": de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LXG), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (RLXS), as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables. A presente convocatoria está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2024-2026, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024 (en cumprimento do artigo 8.1. da LXS).

Asemade, a presente convocatoria ampárase no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión de 17 de xuño de 2014.

**Terceira.- BASES REGULADORAS**

As presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante, BOPPO). Estarán a disposición das e dos interesados no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal), no Servizo de Información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org), e Servizo da Área de Cultura, dende o día seguinte da publicación no BOPPO.

**Cuarta.- CONTÍA**

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio. O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o estabelecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e artigo 19, puntos 1 e 2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación.JDDII193E7GX6S3Y

**Quinta.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo para a presentación de solicitudes é de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e que será comunicado desde a BDNS que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da LPAC.

**Sexta.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da LPAC, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar na ligazón https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web municipal (www.vigo.org).

Vigo, na data da sinatura dixital

Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

Conformes.- O concelleiro-delegado de Cultura (Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 9.07.2024)

Gorka Gómez Díaz

A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 9.07.2024)

María Carmen Silva Rego

VIGO, 03/10/2025

MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO, CONCELLEIRA DA ÁREA DE GOBERNO DE PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA E IGUALDADE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación.JDDII193E7GX6S3Y